

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE TRABAJO, MIGRACIONES E SEGURIDADE SOCIAL

1627 *Real decreto 17/2019, do 25 de xaneiro, polo que se modifica o Regulamento xeral sobre cotización e liquidación doutros dereitos da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 2064/1995, do 22 de decembro.*

A norma xeral é que os empregados públicos dependan orgánica e funcionalmente dun mesmo departamento ou consellería, organismo ou entidade pública. Agora ben, iso non impide que, en determinados casos, estea previsto polo ordenamento que a dependencia orgánica e funcional se distribúa en departamentos, entidades ou organismos públicos distintos, aínda que para efectos retributivos son aqueles respecto dos cales a dependencia é orgánica os encargados do aboamento da totalidade das retribucións. Non obstante, nalgúns supostos a normativa de aplicación ao organismo ou entidade da cal os empregados dependen funcionalmente prevé o aboamento directo a este persoal, a cargo do propio orzamento e en razón dos servizos prestados, de retribucións, compensacións, indemnizacións ou outros conceptos retributivos complementarios de similar natureza, e así concorren dous pagadores sobre un mesmo empregado público.

O artigo 147.1 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro, determina que a base de cotización para todas as contingencias e situacións amparadas pola acción protectora do réxime xeral da Seguridade Social, incluídas as de accidente de traballo e enfermidade profesional, estará constituída pola remuneración total, calquera que sexa a súa forma ou denominación, tanto en metálico como en especie, que, con carácter mensual, teña dereito a percibir o traballador ou asimilado, ou a que efectivamente perciba de ser esta superior, por razón do traballo que realice por conta allea, quedando tan só excluídos da mencionada base de cotización os conceptos relacionados no número 2 do mesmo artigo, dentro dos límites que nel se fixan.

Debido a unha importante lagoa no ordenamento da Seguridade Social non se está cotizando polas remuneracións aboadas directamente aos empregados públicos en situación de dependencia funcional, pois as entidades públicas de que dependen funcionalmente nin teñen a condición de empresario fronte á Seguridade Social, que é o suxeito obrigado a cumprir a obrigaçión de cotizar no réxime xeral, nin tampouco ningunha norma os designou como suxeitos responsables desa obrigaçión en relación coas ditas cantidades. Por outra parte, as entidades das cales este persoal depende organicamente tampouco resultan responsables da cotización por estas remuneracións, xa que están totalmente desvinculadas do seu aboamento.

A consecuencia é que, ao non cotizarse por estes conceptos nos supostos descritos, a base de cotización do empregado público non se corresponde coa remuneración que realmente percibe ou ten dereito a percibir, en contra do que establece o citado artigo 147.1 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social.

Por isto, resulta necesario regular quen é o suxeito responsable do cumprimento da obrigaçión de cotizar respecto de retribucións, compensacións, indemnizacións ou outros conceptos retributivos de similar natureza previstos normativamente en razón dos servizos que reciben dos empregados públicos que dependen funcionalmente de entidades públicas e que estas lles aboan directamente con cargo ao seu propio orzamento.

Esta regulación, a teor do previsto no artigo 18.2 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, debe efectuarse na norma regulamentaria de desenvolvemento da dita lei, e é materia propia do Regulamento xeral sobre cotización e liquidación doutros dereitos da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 2064/1995, do 22 de decembro, polo que a mellor forma de levala a efecto é mediante a introdución dun novo artigo 70 bis no

dito regulamento, no cal se sinalan as distintas administracións e entidades públicas, incluíndo os órganos constitucionais do Estado, como suxeitos responsables do cumprimento da obrigaón de cotizar polas remuneracións, compensacións, indemnizacións ou outros conceptos retributivos de similar natureza que aboan directamente con cargo ao seu propio orzamento aos empregados públicos que só dependan deles funcionalmente.

A teor do exposto, este proxecto adécuase aos principios de boa regulación establecidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así, en canto ao principio de necesidade, cobre unha lagoa legal que estaba producindo un prexuízo tanto aos empregados públicos afectados como á Seguridade Social e no que concirne aos principios de proporcionalidade, seguridade xurídica e eficiencia, consegue o seu obxectivo cunha mínima modificación normativa, pois limitase a desenvolver regulamentariamente, segundo o previsto no texto refundido da Lei xeral da seguridade social, a fórmula para dar cumprimento á obrigaón legal de cotizar nun suposto que non estaba anteriormente regulado.

Finalmente, cumpre o principio de transparencia xa que, con carácter previo á elaboración do proxecto e conforme o previsto no artigo 133.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e no artigo 26.2 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, se substanciou o trámite de consulta pública co fin de solicitar a opinión dos cidadáns e organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma, aos cales se lles facilitou información ao respecto a través do portal web do entón Ministerio de Emprego e Seguridade Social.

No seu proceso de tramitación, de conformidade co previsto no artigo 26.6 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, este real decreto someteuse ao trámite de audiencia e información pública a través de consulta directa e da súa publicación no portal web do Ministerio de Traballo, Migracións e Seguridade Social.

Este real decreto dítase en virtude da competencia atribuída ao Goberno para aprobar os regulamentos xerais de desenvolvemento do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro, por proposta do Ministerio de Traballo, Migracións e Seguridade Social, de acordo co establecido no artigo 5.2 e na disposición derradeira oitava da citada lei, e ao abeiro da competencia exclusiva do Estado en materia de réxime económico da Seguridade Social, atribuída polo artigo 149.1.17.^a da Constitución.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Traballo, Migracións e Seguridade Social, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 25 de xaneiro de 2019,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Regulamento xeral sobre cotización e liquidación doutros dereitos da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 2064/1995, do 22 de decembro.*

Introdúcese na subsección 3.^a da sección 10.^a do capítulo II do Regulamento xeral sobre cotización e liquidación doutros dereitos da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 2064/1995, do 22 de decembro, un novo artigo 70 bis, co seguinte texto:

«Artigo 70 bis. *Cotización por determinadas remuneracións, gratificacións e indemnizacións por razón do servizo percibidas por empregados públicos en situación de dependencia funcional.*

As administracións públicas, os organismos públicos e demais entidades de dereito público, vinculadas ou dependentes delas, así como os órganos constitucionais do Estado, serán responsables do cumprimento da obrigaón de cotizar polas remuneracións, compensacións, indemnizacións ou outros conceptos retributivos de similar natureza que aboan directamente con cargo ao seu propio

orzamento aos empregados públicos que só dependan deles funcionalmente e que estean previstos na normativa que lles sexa de aplicación.

Para tal fin, deberán ingresar tanto as achegas ao seu cargo como as dos empregados públicos ao seu servizo correspondentes á cotización á Seguridade Social, así como por conceptos de recadación conxunta, nos mesmos termos que as entidades das cales o dito persoal dependa organicamente, para os únicos efectos de complementar a cotización a cargo destas, sen que proceda aplicar a normativa establecida para cotizar na situación de pluriemprego.»

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.17.^a da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de réxime económico da Seguridade Social.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día primeiro do mes seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 25 de xaneiro de 2019.

FELIPE R.

A ministra de Traballo, Migracións e Seguridade Social,
MAGDALENA VALERIO CORDERO